



DEPARTAMENTO DE CORDA
ESPECIALIDADE CONTRABAIXO

MATERIA: REPERTORIO ORQUESTRAL

OBXECTIVOS

- Iniciar ao alumno no estudo de pasaxes do repertorio de orquestra de cámara, clásica ou sinfónica. De diferentes épocas e estilos, referido tanto a sos de orquestra como a partes tutti.
- Aplicar os coñecementos adquiridos nas clases teórico-prácticas da especialidade.
- Coñecer de forma xeral as características do repertorio orquestral en función da época, estilo e autor do mesmo.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista, e a autonomía suficiente para solucionar os problemas que poidan xurdir co repertorio a traballar.
- Asimilar as diferenzas existentes entre o traballo de grupo na orquestra, fronte ao traballo individual do repertorio solista de instrumento.
- Adquirir e aplicar novos conceptos e recursos propios para a práctica orquestral.
- Coñecer a evolución do instrumento nas agrupacións orquestrais das diferentes épocas da historia da música.

CONTIDOS

- Estudo das obras propostas na materia de Orquestra.
- Precisión rítmica. Traballo con e sen metrónomo dos pasaxes máis representativos do repertorio orquestral do instrumento.
- Análise das características propias do repertorio orquestral en función da época, estilo e autor do mesmo.
- Desenvolvemento a capacidade de lectura a primeira vista, e a autonomía suficiente para solucionar os problemas que xorden co repertorio orquestral.
- A produción do son no repertorio orquestral e comparación con respecto ao repertorio de Contrabaixo solista. Estudo dos diferentes matices, cores, e timbres do son aplicado á orquestra.
- O Contrabaixo solista, e o contrabaixo tutti. Peculiaridades orquestrais.
- Convencións da escritura musical orquestral: divisi, Soli, tutti, signos de repetición. Traballo da articulación e golpes de arco en función do estilo, ou da época. Recursos sonoros propios, aplicables no ámbito orquestral.
- Audición das obras que se traballen en clase, con diferentes versións orquestrais, para contrastar estilos, e así ver as diferentes posibilidades que pode ofrecer un mesmo pasaxe orquestral executado por diferentes orquestras.

DEPARTAMENTO DE CORDA
ESPECIALIDADE CONTRABAIXO

MATERIA: REPERTORIO ORQUESTRAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Demostrar a asimilación dos contidos enunciados anteriormente.
- Interpretar diferentes pasaxes orquestrais cos criterios musicais e de estilo adecuados á obra de que se trate, tendo en conta a época e ao autor.
- Lectura a primeira vista de extractos orquestrais, demostrando a destreza necesaria para resolver os problemas que se poidan presentar.
- Realizaranse dous exames, un ao final do primeiro cuadrimestre, e outro ao final do curso. Nos que se interpretarán os pasaxes traballados en cada período, e ademais, lectura a vista de dúas pasaxes orquestrais de diferentes características. Para verificar a capacidade do alumno para resolver esta situación.

*Nota: Na convocatoria de setembro, realizarase un único exame con dous partes:
1º a totalidade dos extractos traballados durante o curso (catro pasaxes a sorteo entre eles)
2º Lectura a vista de tres pasaxes de diferentes estilos.*

Os alumnos que perdan o dereito á avaliación continua por non asistir a clase. Deberán presentarse a unha proba das mesmas características que a enunciada para a convocatoria de setembro.

LISTADO ORIENTATIVO DE REPERTORIO ORQUESTRAL (os catros cursos).

- J. S. Bach: Concerto para Violín en MI M.
Concerto de Bandemburgo nº 3
Concerto para Clave en Re m.
Suites Orquestrais nº 1 y nº 2
- F. J. Haydn: Sinfonías nº 6, nº 7, nº 8, nº 45
Sinfonías nº 88, nº 100, nº 101
- W. A. Mozart: Sinfonía nº 36, nº 39, nº 40, nº 41
Obertura de Las bodas de Figaro
Réquiem
Serenata Nocturna Sol M.
Piano concert nº 20, nº 21
- L. v. Beethoven: Sinfonía nº 3, nº 4, nº 5, nº 6, nº 7, nº 9
Leonore Obertura nº 3
- F. Mendelssohn: Sinfonía Escocesa nº 3
Sinfonía Italiana nº 4



DEPARTAMENTO DE CORDA
ESPECIALIDADE CONTRABAIXO

MATERIA: REPERTORIO ORQUESTRAL

- Franz Schubert: Rosamunda
Sinfonías nº 2, 4, 7 y 8
- C. M. von Weber: Euryante Overture
Overture Oberon
- H. Berlioz: Overtura de Carnaval Romano
Sinfonía Fantástica
- R. Schumann Sinfonía nº 1
- G. Verdi: Réquiem
Rigoletto, Acto II
- F. Smetana: The Bartered Bridge
The Moldau
- J. Brahms: Sinfonía nº 1, nº 2, nº 3, nº 4
Overtura Festival académico
- A. Bruckner Sinfonía nº 1, nº 2, nº 4
- P. I. Tschaikowsky: Sinfonía nº 6 Op. 74
Marcha Slava, Op. 31
Romeo y Julieta, Obertura fantástica
- E. Grieg: Suite Holberg
Peer Gynt
- G. Mahler: Sinfonía nº 1, nº 2, nº 3
- A. Borodin: Principe Igor
- B. Britten: The Young person's guide to the Orchestra
Simple Symphony
- R. Strauss Don Juan
Till eulenspiegel
Muerte y transfiguración
- S. Prokofiev: Sinfonía Clásica.
Violín concerto nº 2
- I. Stravinski Pulcinella.
Historia de un soldado